

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9139 *Real decreto 687/2011, do 13 de maio, polo que se modifica o Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarías de petróleo.*

O Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarías de petróleo, establece no seu artigo 5.1 que na autorización substantiva inicial de construción das novas instalacións de combustión ou, no seu defecto, na autorización substantiva inicial de explotación destas, se fixarán valores límite de emisión de acordo co establecido na parte A dos anexos III a VII, sempre que a solicitude de autorización se presente antes da súa entrada en vigor, é dicir, antes do 21 de marzo de 2004, coa condición de que a instalación se poña en funcionamento como máis tarde o 21 de marzo de 2005.

Así mesmo, na súa disposición transitoria terceira, establece a exclusión do disposto no capítulo II para as turbinas de gas autorizadas antes da súa entrada en vigor, é dicir, antes do 21 de marzo de 2004, así como aquelas que fosen obxecto dunha solicitude de autorización antes da dita data, coa condición de que a instalación se puxese en funcionamento como máis tarde o 21 de marzo de 2005.

Porén, o ámbito de aplicación temporal fixado no Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, non se corresponde co establecido na Directiva 2001/80/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2001, sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión. Como o Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, entrou en vigor con posterioridade á data de aplicación da directiva, sen prever a aplicación retroactiva, deixou fóra do seu ámbito de aplicación as novas grandes instalacións de combustión e, en particular, as turbinas de gas, autorizadas con posterioridade ao 27 de novembro de 2002 e antes do 21 de marzo de 2004.

Así mesmo, para axustarse ao texto da citada Directiva 2001/80/CE, redáctase adecuadamente o número 5.1 da parte A do anexo VIII do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, no relativo á medición en continuo do contido do vapor de auga dos gases residuais.

Mediante este real decreto preténdese emendar a incorporación incompleta da Directiva 2001/80/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2001, ao ordenamento xurídico español.

Dado que non é posible establecer o cumprimento desde o 27 de novembro de 2002, régúlase un período transitorio que lles permita ás ditas instalacións cumprir o disposto na Directiva 2001/80/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2001, a partir da entrada en vigor deste real decreto.

No procedemento de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades e asociacións empresariais máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de maio de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarías de petróleo.*

O Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarías de petróleo, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 5.1 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 5. *Valores límite de emisión e plan nacional de redución de emisións das grandes instalacións de combustión existentes.*

1. Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria cuarta, na autorización substantiva inicial de construción das novas instalacións ou, no seu defecto, na autorización substantiva inicial de explotación destas, cuxa solicitude de autorización se presente antes do 27 de novembro de 2002, coa condición de que a instalación se poña en funcionamento, como máis tarde, un ano despois da dita data, estableceranse os valores límite de emisión que correspondan ás súas emisións de dióxido de xofre, de óxidos de nitróxeno e de partículas, determinados de acordo co establecido na parte A dos anexos III a VII.»

Dous. A disposición transitoria terceira queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria terceira. *Exclusión da aplicación do capítulo II ás turbinas de gas autorizadas antes do 27 de novembro de 2002.*

O capítulo II non será de aplicación ás turbinas de gas autorizadas con anterioridade ao 27 de novembro de 2002 ou que foron obxecto dunha solicitude de autorización antes da dita data, coa condición de que a instalación se puxese en funcionamento como máis tarde o 27 de novembro de 2003, sen prexuízo do disposto no artigo 7.1 e nas partes A e B do anexo VIII.»

Tres. O número 5.1 da parte A do anexo VIII queda redactado da seguinte forma:

«5.1 As medicións continuas efectuadas conforme o número 2 incluírán os parámetros pertinentes do proceso de explotación relativos ao contido de oxíxeno, a temperatura, a presión e o contido de vapor de auga dos gases residuais de combustión. A medición continua do contido de vapor de auga non será necesaria sempre que a mostra do gas residual de combustión secase antes de que se analicen as emisións.»

Disposición transitoria única. *Prazo de adaptación das autorizacións.*

Para as novas instalacións e, en particular, as turbinas de gas, autorizadas, segundo o artigo 5 do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, no período comprendido entre o 27 de novembro de 2002 e o 21 de marzo de 2004, ou que fosen obxecto dunha solicitude de autorización no dito período e postas en funcionamento durante o período comprendido entre o 27 de novembro de 2003 e o 21 de marzo de 2005, disporase dun prazo dun ano, contado desde a entrada en vigor deste real decreto, para revisar e, se é o caso, modificar as súas autorizacións, co obxecto de adaptalas ao que se establece neste real decreto, sen prexuízo do disposto no artigo 7.1 e nas partes A e B do anexo VIII do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO